

8.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE FEBREIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 7/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13 FEBREIRO DE 2017.

Aprobouse a acta núm. 7/2017 de data 13 de febreiro de 2017.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para canalización para instalación de rede de baixa tensión en Prado – Lalín.

3.- INFORME URBANÍSTICO.

3.1.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 03/02/17.

4.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚM. 4/2017.

4.1.- Acordouse recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 2.544,64 €.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse aproba a relación de facturas que se presenta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local do 20 de febreiro de 2017 por importe de 70.887,82 €.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse a adscrición á licenza de taxi nº 1 do vehículo de nova adquisición de 5 prazas e cor branca, pendente de matriculación.

7.2.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “EQUIPAMENTO PARA A NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL” por importe de 70.159,58 € euros.

7.3.- Acordouse solicitar á Deputación provincial de Pontevedra a reinversión de parte da baixa sobrante da adxudicación do investimento “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO E REFORZO DO FIRME DA RONDA NORTE-ESTE” por importe de 133.279,69 euros.

7.4.- Acordouse autorizar a actividade denominada Feira do Cabalo para os días 29 e 30 de abril no Mercado de Gando de Lalín a Asociación de Cabaleiros de Lalín para levar a cabo as referidas actividades.

7.5.- Acordouse que a aportación do Concello de Lalín no programa

integrado de emprego “Mocidade Activa” (Exp. TR332A/2016-0032) en concepto de financiación, para o ano 2017 (01/01/2017-31/08/2017) se realizará en base ao porcentaxe do 50 % dos custos salariais da técnica de promoción de emprego.

7.6.- Acordouse a devolución de ingresos indebidos por importe total de 76 euros abonados en concepto de participación no Cocido Solidario.

7.7.- Acordouse aprobar a liquidación ao Concello de Rodeiro por importe de 316,53 euros que ascende ao importe a aportar polo Concello de Rodeiro correspondente a Convenio de Colaboración marco para a prestación conxunta do servizo do centro de información á mulleres, entre o Concello de Lalín, o Concello de Rodeiro e o Concello de Agolada ano 2015-2016.

7.8.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 78,99 €.

7.9.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 302,64 €.

7.10.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde e gastos derivados de actuacións complementarias e acompañamento vinculadas a itinerarios de inclusión social e formación para a persoa solicitante por importe total de 64,24 €.

7.11.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 386,55 €.

7.12.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 162,89 €.

7.13.- Acordouse aprobar a baixa, por cambio do programa individual de atención a persoa usuaria do servizo de axuda o fogar modalidade dependencia e a alta efectiva no servizo de axuda no fogar modalidade dependencia para as seguintes persoas solicitantes.

7.14.- Acordouse aprobar o informe no que se conclúe que as horas de

prestación de servizo, dado que son atencións de carácter persoal, non son recuperables.

7.15.- Acordouse inventariar fincas urbanas de propiedade municipal.

8.- CORRECCIÓN DE ERROS.

8.1.- Acordouse corrixir o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2017, punto 9.17.

8.2.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2017, no punto 11.4.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para levar a cabo unha xuntanza RUTA BTT, o día 7 de abril de 2017, ás 16:00 horas.

9.2.- Deuse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do Salón Teatro do Auditorio

9.3.- Deuse conta do escrito presentado solicitando a reserva e autorización municipal para o uso da instalación CES (antes UNED).
